

| | | | |
|--|----------|--|-----------|
| CAPITULO 1.- ENCADRE XEOGRÁFICO | 1 | 2.5.2.- Caracterización climática da zona de estudio. | 12 |
| CAPÍTULO 2.- PAISAXE NATURAL | 1 | 2.5.3.- Clasificación de Thornthwaite..... | 12 |
| 2.1.- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE. | 1 | 2.5.4.- Clasificación de Allue..... | 13 |
| 2.1.1.- Orografía | 1 | 2.5.5.- Clasificación de Papadakis..... | 13 |
| 2.1.2.- Xeoloxía e edafoloxía | 1 | 2.6.- EDAFOLOXÍA..... | 14 |
| 2.1.3.- Hidrografía e hidroloxía | 1 | 2.7.- ESPAZOS DE INTERESE NATURAL E PAISAXÍSTICO | 16 |
| 2.1.4.- Asentamentos de poboación..... | 2 | 2.7.1.- Espazos protexidos..... | 16 |
| 2.1.5.- Evolución dos usos do solo..... | 2 | 2.7.2.- HUmidais | 17 |
| 2.1.6.- Tipos de unidades de paisaxe..... | 2 | 2.7.3.- Hábitats..... | 18 |
| 2.1.7.- Valores naturais e ecolóxicos..... | 3 | 2.7.4.- Áreas de con valores paisaxísticos | 19 |
| 2.1.8.- Zonas de visibilidade estratéxica. | 3 | CAPÍTULO 3.- PAISAXE RURAL. | 22 |
| 2.1.9.- Áreas de especial interese paisaxístico. | 4 | 3.1.- CULTIVOS E APROVEITAMENTOS | 22 |
| 2.2.- TOPOGRAFÍA MUNICIPAL | 4 | 3.2.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD | 23 |
| 2.3.- XEOLOXÍA MUNICIPAL | 5 | CAPÍTULO 4.- PAISAXE CONSTRUÍDA..... | 23 |
| 2.3.1.- Encadre xeolóxico | 5 | 4.1.- ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN | 23 |
| 2.3.2.- Petroloxía. | 6 | 4.2.- TIPOLOXÍA EDIFICATORIA. | 25 |
| 2.3.2.1.- Parroquias occidentais: Anxeriz, Andoio, Tordoia e Viladabade..... | 6 | 4.3.- CONSTRUCIÓN DE INTERESE ESPECIAL..... | 26 |
| 2.3.2.2.- Parroquias de Cabaleiros e Bardaos..... | 7 | 4.4.- INFRAESTRUTURAS EXISTENTES | 27 |
| 2.3.2.3.- Parroquias orientais: Leobalde, Numide, Gorgullos e Castenda. | 7 | 4.4.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS..... | 27 |
| 2.4.- HIDROLOXÍA MUNICIPAL | 8 | 4.4.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVICIOS | 27 |
| 2.5.- CLIMATOLOXÍA..... | 9 | 4.5.- ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES | 28 |
| 2.5.1.- Principais elementos do clima..... | 11 | BIBLIOGRAFIA E FONTES DE INFORMACION. | 29 |
| 2.5.1.1.- Temperaturas..... | 11 | | |
| 2.5.1.2.- Precipitacións..... | 11 | | |
| 2.5.1.3.- Evapotranspiración potencial (ETP). | 11 | | |
| 2.5.1.4.- Balance hídrico. | 11 | | |
| 2.5.1.5.- Camba de Rigor Térmico de Izard..... | 12 | | |
| 2.5.1.6.- Ventos..... | 12 | | |

CAPITULO 1.- ENCADRE XEOGRÁFICO

Tordoia ocupa unha posición central na provincia de A Coruña, atopándose a súa situación xeográfica os 43° 5' 20,89" norte e os 8° 33' 30,71" oeste, dentro do cuadrante noroccidental de Galicia. Pertence á bisbarra de Ordes e administrativamente limita ao norte con Carballo e Cerceda, con Oroso, Trazo e Val do Dubra ao sur, Ordes polo leste e polo oeste con Santa Comba e Coristanco. Pertence ao Partido Xudicial de Ordes.

O termo municipal ten unha extensión de 125,39 Km², polo que é maior que a media dos municipios galegos (94 Km²) e que a media dos municipios da provincia de A Coruña (84,8 Km²). Segundo o censo de 2010, conta con unha poboación de 4.268 habitantes, distribuídos en 10 parroquias e 141 entidades de poboación. A capital, A Pontepedra, situada a 14 Km de Ordes y 50 Km da capital provincial.

CAPÍTULO 2.- PAISAXE NATURAL

2.1.- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE.

2.1.1.- OROGRAFÍA

Tordoia encádrase maioritariamente na grande área paisaxística da Galicia Central. Unha pequena parte, en concreto a parroquia de Anxeriz, encádrase dentro da grande área paisaxística Chairas e fosas occidentais.

Dentro da grande área paisaxística Galicia Central Tordoia está incluída dentro da comarca paisaxística Terra de Ordes.

A Grande Área Paisaxística Galicia Central configura unha extensa superficie de máis de 515.000 ha, o que representa o 17 % da superficie continental de Galicia. Esta ampla área paisaxística, a de maior vagantío, que se inscribe na chamada penachira galega sitúase entre as provincias da Coruña e Pontevedra, abranguendo algúns sectores das provincias de Lugo e Ourense. Nesta extensa superficie inclúese unha heteroxénea variedade de situacións, abranguendo grandes vales sublitorais das cuncas do Tambre e do Ulla, parte do val interior do río Miño na cunca alta do río Avia, así como estribacións montañosas da Dorsal Galega.

A Comarca Paisaxística máis setentrional é a Terra de Ordes, que ocupa un espazo bastante uniforme dende o punto de vista físico, unha superficie en forma de meseta só interrompida por pequenas elevacións e delimitada por escarpas cara aos vales que se abren en dirección á costa.

Esta paisaxe de formas redondeadas suavemente descende de norte a sur ata a depresión do río Tambre, que delimita a comarca polo sur. Sobre o territorio máis setentrional esténdense a Serra de Montemaior e os Montes do Xalo. O primeiro destes cordais marca o teito comarcal no cume Cedeira (600 m). A cota máxima do segundo sitúase no alto do Auxelio (521 m). Na marxe nordeste, os montes da Tieira (Mesía) acadan os 535 m na cima Picoi. Estas elevacións pechan a rede hidrográfica reitora da comarca, liderada polo Tambre en primeiro plano, e o Lengüelle en segundo. Tamén funcionan como divisoria entre esta rede e a dos ríos que descenden cara ás Mariñas coruñesas. Presenta un escaso desnivelamento relativo, pola súa pouca altitude en relación coa media da área central, arredor dos 300 m. O relevo descende gradualmente e o maior contraste prodúcese entre esas terras medias e o fondo dos vales, que escasamente chega aos 100 m e se estende amplamente organizando as pradarías e os principais solos de cultivo. No extremo nordeste da comarca, as chairas únense a través dun forte desnivel coas serras que constitúen a fronteira natural coa Terra Chá, que superan os 700 m de altura.

Este sistema esténdese cara ao sur e vaise facendo máis angosto pouco a pouco dende o cordal de Montouto ata a Serra da Cova da Serpe (650 m). Na zona rexístrase unha das máximas cotas en Pena da Uce (734 m).

2.1.2.- XEOLOXÍA E EDAFOLOXÍA

A suavidade orográfica da Terra de Ordes débese en parte ao tipo de substrato rochoso. Está formado maiormente por materiais xistosos, pertencentes á denominada Serie de Ordes, espallada por toda a Galicia central, e que son facilmente erosionables. Incidiron como axentes modeladores os ríos e os glaciais, nunha época que pode datarse do cuaternario antigo.

A xeoloxía restante da comarca mestura rochas básicas, graníticas e sedimentos cuaternarios procedentes da alteración petrolóxica. A erosión diferencial entre as rochas graníticas, as básicas e as xistosas é o elemento que dá orixe á diversidade paisaxística e edafolóxica da comarca. A maior parte das terras posúe unha boa fertilidade debido ás pendentes débiles. Os chans desenvolvidos sobre xistos, na maioría, teñen unha boa profundidade e unha adecuada retención hídrica, de excelentes aptitudes agronómicas. Nas ribeiras fluviais e nas pequenas depresións (brañas ou gándaras) configúranse solos de sedimentos de orixe aluvial, fértiles pero con alto risco de anegamento na época chuviosa. Os solos pouco aptos para o cultivo concéntranse na periferia elevada da comarca.

2.1.3.- HIDROGRAFÍA E HIDROLOXÍA

A comarca de Terra de Ordes presenta un tramado fluvial amplo e complexo, asociado á marxe dereita do río Tambre. Este curso nace no Mesón e logo actúa como delimitador natural. Continúa a xerarquía hidrográfica o seu principal afluente neste treito, o Lengüelle, que organiza, cunha dirección norte-sur, as augas centrais da comarca. Os seus tributarios

máis destacados son o rego Lesta e o río Cabrón, pola esquerda, mailo río Maxarín (represado no encoro de Vilagudín) e os regos Braña de Burgán e da Fonte de Riba, pola dereita.

2.1.4.- ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

Este gran territorio contén a área urbana de Santiago de Compostela, que centraliza as vías de comunicación coas outras localidades do sistema: A Estrada, Lalín e O Carballiño considéranse cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio e Silleda subcabeceira, todas elas na metade sur da área. Os Nodos para o Equilibrio do Territorio son Curtis e Ordes ao norte de Santiago, Negreira ao oeste e Arzúa, Melide e Monterroso ao leste.

Por Santiago pasa de norte a sur o eixo da AP-9 e N-550. Dende alí parten outras estradas que organizan o territorio e que, en sentido horario, son: a N-634 por Curtis cara a Guitiriz, da que se desdobra a N-547 que conecta Arzúa e Melide e chega a Lugo; a N-525 e a AP-53 por Silleda e Lalín cara a Ourense; A PO-841 leva á Estrada; xa ao oeste parte a AC-543 que conecta con Noia; e, por último, a AC-544 e a AC-546 van a Fisterra pasando por Negreira.

2.1.5.- EVOLUCIÓN DOS USOS DO SOLO

Segundo a análise dos cambios de uso do solo en relación á superficie total da área, a grande área de Galicia Central mantivo o 55 % da súa superficie sen ningún cambio de uso no período 1985-2005. A superficie estable correspondeu a terreo agrícola nun 21 % da área, a arborado procedente de plantación noutro 21 % e a mato nun 12 % da superficie total da área.

Por outro lado, os principais cambios de uso corresponderon á repoboación forestal (17 % da superficie da área), que tivo lugar en terreos orixinalmente de matogueira (10 % da área) e de uso agrícola (6 % da área), así como á roturación de superficie agrícola (15 % da superficie total da área), en terreos con mato ou arborado de plantación, que representaron en ambos casos o 7 % da área.

A análise dos cambios en relación á superficie total de cada uso mostra que os usos máis estables nesta área foron o terreo agrícola, que mantivo o 63 % da súa superficie orixinal, así como o arborado procedente de plantación, que mantivo o 62 % da súa superficie anterior.

Pola contra, o cambio máis estendido foi o da repoboación forestal, especialmente en terreos con arborado procedente de revexetación e en terreos de matogueira (32 % da superficie orixinal en ambos casos).

A cobertura que máis cambios sufriu foi a do arborado procedente de revexetación, que tan só mantivo un cuarto da súa superficie orixinal, mentres que máis dun terzo converteuse en arborado procedente de plantación e outro tanto en superficie agrícola (31 % da superficie orixinal).

Estas transformacións foron compensadas pola revexetación, fundamentalmente de mato.

Do anteriormente mencionado extráese que, na área de Galicia Central, tanto a superficie agrícola como o arborado procedente de plantación gañan superficie, a expensas fundamentalmente do mato. Estes feitos indican un aproveitamento agroforestal intensivo da área tanto dende o punto de vista agrícola como do forestal.

2.1.6.- TIPOS DE UNIDADES DE PAISAXE

A dualidade de vales e serras é a característica máis destacada da paisaxe de Galicia Central, xunto aos condicionantes que ambos implican. Unha cuarta parte desta GAP corresponde á combinación de Vales sublitorais, Agrosistema intensivo de Mosaico agroforestal e Mesotemperado inferior. Esta mesma combinación, substituíndo o agrosistema intensivo por extensivo, ocupa outro 10 % da superficie total, de xeito que xunto co tipo anterior suman un terzo da superficie da área. Este último tipo é característico das zonas de media montaña da área e dos vales circundantes. Existe certa correlación coas estatísticas galegas, xa que o tipo de paisaxe máis estendido na Galicia Central é á súa vez o máis frecuente en Galicia (7,6 % da súa superficie), polo que a Galicia Central pode considerarse un bo exemplo a escala da paisaxe galega do interior.

Estas características configuran un tipo de paisaxe dominado pola suavidade das formas, as texturas vinculadas ao sector agrogandeiro e unhas condicións climáticas intermedias para o nivel de Galicia. En gran medida, o resto do territorio da GAP vincúlase a este tipo, certo que con determinadas variacións, pero mantendo grande homoxeneidade estética en todas as comarcas paisaxísticas que a conforman.

A presenza da unidade morfolóxica de Serra vai acompañada de Agrosistema extensivo ou de Matogueira e rochedo, como soe ser habitual nestes casos, quedando o primeiro uso circunscrito aos espazos máis axeitados para o cultivo e o segundo a aqueles de maior altitude e pendente, nos que non existe solo de calidade (liñas de cumios, ladeiras fortes e zonas de afloramentos rochosos). Este último tipo de paisaxe é relevante no sector sur da GAP (comarcas do Carballiño e Terras de Montes-Alto Lérez), no borde oriental (serras de Faro e Farelo) e nas serras do Candán e do Faro de Avión, esta última de gran tradición silvopastoril.

A Galicia Central presenta unha homoxeneidade morfolóxica notable a pesar do seu gran tamaño. Aproximadamente o 70 % do seu territorio corresponde á unidade Vales sublitorais. As formas suaves do relevo son o rango distintivo deste modelo, fundamentado nunha densa rede hidrográfica e na sucesión de vales ondulados como principal característica.

A unidade morfolóxica de Serras supón o 25 % da GAP, localizándose principalmente nos borde leste e oeste da mesma. Trátase de serras intermedias, enlazadas entre si en dúas liñas que delimitan a GAP e que rara vez superan os 1000 m de altitude (por exemplo: Pico Candán, 1.007 m; Faro de Avión, 1.155 m; e Monte Faro, 1.187 m).

Esta división entre vales e serras delimita perfectamente o territorio da GAP, posto que as zonas de planicie ou onduladas supoñen a parte central (e principal en superficie) da GAP.

Os usos do solo dominantes correspóndense coa actividade económica principal no sector: a gandería. Así, case o 40 % da superficie da GAP é Agrosistema intensivo-mosaico agroforestal, mentres que máis do 25 % é Agrosistema extensivo. A dedicación gandeira, sobre todo de vacún, é principal en toda a GAP, con centros destacados como Arzúa, Ordes ou Lalín e as súas comarcas.

O 15 % da superficie da área ten como cobertura do solo Matogueira e rochedo, localizada especialmente nas zonas de serras xa mencionadas. Tamén destaca case un 7 % de Rururbano-diseminado, debido a que Galicia Central inclúe a cidade de Santiago de Compostela, que presenta certa ocupación difusa ao seu arredor, en especial nos concellos de Ames e Teo, así como outras áreas de certa densidade de poboación nas que aparece ese mesmo efecto, tales como Lalín, A Estrada ou O Carballiño.

2.1.7.- VALORES NATURAIS E ECOLÓXICOS

Dende o punto de vista histórico, esta unidade rexistrou unha elevada poboación rural, configurando un agrosistema tradicional no que se presentan diversos elementos de valor natural, cultural e paisaxístico, como pequenas formacións arboradas ou humidais seminaturais de uso extensivo.

Os sectores cuminais das estribacións montañosas atópanse dominados por superficies de matogueiras, afloramentos rochosos, e bosques naturais e seminaturais nos seus vales. De xeito recente, esta área foi receptora de grandes superficies de repoboacións forestais con especies exóticas, así como dun progresivo proceso de intensificación da agrogandería, que levou asociado un proceso de homoxeneización paisaxística e de perda de elementos estruturais de valor.

Os importantes valores que para a conservación da biodiversidade posúe a área Galicia Central, motivou a designación dun importante conxunto formado por diferentes tipos de áreas protexidas, ao abeiro das diferentes normativas e convenios sobre conservación da natureza. Estas áreas protexidas constitúen "paisaxes con recoñecemento legal".

Debido aos valores para a conservación presentes foron designados como Zonas Especiais de Conservación (ZEC) da Rede Natura 2000 os espazos Serra do Careón (ES1110014), Río Tambre (ES1110016), Monte Faro (ES1120008), Pena Veidosa (ES1130006), Sistema fluvial Ulla-Deza (ES1140001), Brañas de Xestoso (ES1140008), Serra do Candán (ES1140013), Serra do Cando (ES1140014) e Sobreirais do Arnego (ES1140015; Figura 10). Todos estes espazos Rede Natura 2000 foron designados como Espazos Naturais Protexidos ao abeiro da normativa autonómica, baixo a categoría de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).

Con todo, os importantes valores presentes motivaron a declaración doutras áreas baixo diferentes figuras de Espazos Naturais Protexidos, como o Monumento Natural da Fraga de Catasós, ou o Monumento Natural da Serra de Pena Corneira. Tamén é posible citar na área

Galicia Central, iniciativas de declaracións de espazos protexidos dende o ámbito local, como o Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Puzo do Lago.

A área paisaxística Galicia Central inclúe 26 tipos de hábitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE), dos que sete son considerados como prioritarios. A riqueza de hábitats é inferior á rexistrada na área Chairas e Fosas Luguesas (31 tipos, 10 prioritarios), pero superior á existente en Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil (23 tipos, 6 prioritarios).

Estas diferenzas responden en boa medida cun distinto grao de transformación dos agrosistemas tradicionais que supuxo unha mingua paulatina das superficies marxinais dos aproveitamentos agrícolas, mentres que as áreas de monte foron obxecto de distintas actuacións de repoboación con especies exóticas e de lumes recorrentes.

Unha parte significativa do agrosistema tradicional desta unidade paisaxística foi substituída nas últimas décadas por cultivos intensivos de millo, pratenses e especies forestais exóticas. Este cambio provocou a diminución, cando non a perda, dos elementos estruturais vinculados co agrosistema tradicional (peches de muros secos e sebes vexetais, bouzas de formacións arbustivas, rodais de especies arbóreas, etc.), que servían de sustento para un importante elenco de especies nativas, tanto de flora coma de fauna.

Os corredores fluviais sufriron igualmente unha importante transformación, reducíndose en moitos casos a un fío, máis ou menos continuo, de árbores no bordo da ribeira, á vez que se reduce a presenza e cobertura dos medios higrófilos. A deterioración dos corredores fluviais propiciou a súa invasión por especies exóticas (*Bidens aurea*, *Conyza canadensis*, *Cortaderia selloana*, *Crocodylus* × *crocodyliformis*, *Phyllostachys edulis*, *Phytolacca americana*; etc).

2.1.8.- ZONAS DE VISIBILIDADE ESTRATÉXICA.

A efectos de analizar o mapa de zonas de maior exposición visual, faise repaso en primeiro lugar dos asentamentos incluídos na grande área e que foron considerados na análise. Atendendo á xerarquía do sistema establecida nas DOT atópanse: a Área Urbana de Santiago, as cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio da Estrada e Lalín, a subcabeceira de Silleda e os Nodos para o Equilibrio do Territorio de Ordes, Curtis, Negreira, Arzúa, Melide, Silleda e O Carballiño.

Por outra banda, dúas son as infraestruturas viarias que se teñen analizado no proceso de obtención das zonas de maior exposición visual: a autopista do Atlántico (AP-9), que percorre o sector máis occidental en dirección N-S, e a autopista central de Galicia (AP-53 e AG-53), que segue unha traza de dirección case paralela ao límite da Grande Área polo SO.

Cabe sinalar que existe unha maior concentración de zonas de maior exposición visual no borde occidental limítrofe coa grande área das Rías Baixas; unha área próxima á confluencia das dúas autopistas, onde o terreo se volve máis abrupto e deixa expostas as ladeiras leste dos montes que inician a transición cara a paisaxe costeira. Estes montes elévanse sobre as

zonas de val ocupadas polos asentamentos e zonas de cultivo existentes á beira do río Sar, neste treito incluído na delimitación do sistema fluvial Deza-Ulla, ZEC da Rede Natura.

Entre estas primeiras elevacións, que configuran o pano de fondo da escena paisaxística, cabe salientarse, polo norte, no concello de Brión, os cumios de Santa Cecía (494 m) e A Costolla (317 m); e ao sur, xa en Rois, os do Coto da Cabana (412 m) e do Monte das Gondosinas (239 m). Estas zonas de maior exposición visual coinciden coas dúas pequenas cordais que estes montes forman a ambos lados do val polo que descorre o rego de Perros, e teñen continuidade cara ao sur, por terras máis baixas e poboadas, ata chegar a Padrón, xa na grande área veciña.

Nesta mesma área, aínda que ao leste da AP-9, atópanse outras zonas de alta exposición, unhas coincidentes cos cumios de montes veciños, como a Pena das Cruces (372 m) ou a Pena da Agrela (409 m), e máis ao leste, outras localizadas nun territorio de suaves outeiros ao sur de Regoufe e outros núcleos da parroquia de Luou.

Especial mención, non tanto pola entidade das zonas como pola súa situación no contorno do Conxunto Histórico da cidade de Santiago de Compostela, onde conflúen os diferentes camiños históricos, merecen as zonas reflectidas neste espazo. Trátase dunha coroa de elevacións moi próximas á cidade, que configuran un conxunto de fitos na paisaxe e privilexiados miradoiros sobre Santiago. Entre eles cabe citar o Monte do Pedroso (461 m), os Montes de Vite (382 m), a Pena Corveira (358 m), o Pico do Castro (407 m), o Monte do Carballiño (308 m) ou as zonas altas do Monte da Curuxeira, onde fronte ao que sucede no resto de de zonas, sobre elas aséntanse tamén áreas edificadas.

Un pouco máis afastadas da cidade, e a ambos lados da AP-53, localízanse tamén outras das zonas visualmente máis expostas neste ámbito; á beira oeste, na parroquia compostelá de Vedra, algunhas áreas que se superpoñen a pequenos asentamentos e zonas de cultivo; unhas paraxes con moita menos incidencia na paisaxe que as situadas na beira leste. Entre estas últimas cabe citar moi especialmente o Pico Sacro (533 m) e o resto da singular formación de rochas de seixo cristalizado, que se estende ata a Pena do Corvo (377 m), no concello de Boqueixón.

O resto de zonas sometidas a unha maior exposición visual aparecen xa en menor medida e concentración cara ao norte e ao SE, determinadas pola visibilidade dende as autopistas AP-9, AP53 e AG-53. Por unha banda, cara ao norte, e ao suroeste de Ordes, atópanse estas zonas nas terras altas da parroquia de Numide. Por outra banda, cara ao sueste, conformando todo un rosario de pequenas zonas, máis denso canto máis ao noroeste, e coincidente, en liñas xerais, tamén coas zonas máis altas do territorio. Entre estas últimas cabe mencionar unha situada no contorno do Pico Seco (938 m), vértice que conforman os concellos de Piñor, O Carballiño e O Irixo e máis ao oeste, outra sobre o Monte Chamor (817 m), ao sur de Silleda.

Finalmente, e entre as incluídas neste último grupo, resulta salientable a situada no contorno doutro lugar mítico do concello de San Cristovo de Cea; un espazo moi próximo ao

excepcional mosteiro de Oseira e que coincide co límite desta grande área con Chairas e Fosas Luguesas e Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, na serra da Martiñá.

2.1.9.- ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO.

Segundo os Catálogos da Paisaxe elaborados pola Xunta de Galicia, no termo municipal de Tordoia existen dúas áreas de especial interese paisaxístico: Ribeira da Pena e Fervenza de San Paio.

2.2.- TOPOGRAFÍA MUNICIPAL

A ausencia de fortes contrastes altimétricos produce unha topografía onde predominan as formas suaves, dándose tan só cara o oeste. Algúns casos de maior contraste con aumento de pendentes. Isto non debe facernos ignorar que a montaña tamén aparece, aínda que con formas moi redondeadas, sobre todo cara o sur e en xeral na metade centro occidental onde se localizan as maiores coutas altimétricas que chegan a formar unha pequena liña de cumes onde se superan os 500 m (Forca, 536 m, Castelo, 568 m., Cerro do Seixo, 493 m, Cíán, 477 m, Areosa, 467 m, Cerdeiras, 442, m). Mentres cara o norte prodúcese un aplanamento sosténdose os niveis de altitude. En torno aos cauces fluviaes, en especial os mais importantes, é onde xurden os maiores desniveis. Este sector occidental mais montañoso se corresponde en boa medida coas parroquias de Viladabade e sobre todo Anxeríz cara o leste e en concordancia co discorrer da rede fluvial o relevo vai descendo lentamente ate atinxir o cauce do Lenguelle. A maior parte da superficie deste sector desenvólvese sobre os 400-500 m de altitude. É unicamente na parte baixa do citado Lenguelle cando o nivel altimétrico descende un pouco mais chegando ao nivel dos 300 m.

A modo de síntese incluímos a visión Chantada Acosta ten sobre o relevo que se desenvolve en torno a esta zona do vale do Tambre: "insírese dentro dun bloque amesetado na vertente dereita do Tambre e ao leste do Val do Dubra, bloque que se prolonga cara o oeste pero cuxa continuidade fica rota por unha fractura que de norte a sur disocia este espazo en 2 submesetas: a oriental e a occidental". A fractura ven a ser a fosa meridiana Carballo-Tui que aparece na parroquia de Anxeriz, o resto do municipio estaría na submeseta oriental.

Cadro nº 1

| Parroquia | Superficie Km ² | Altitude media |
|---------------------------------|-------------------------------|-------------------|
| Andoio (San Mamede) | 9,54 | 420 |
| Anxeriz (Santa Mariña) | 15,66 | 440 |
| Bardaos (Santa María) | 15,32 | 390 |
| Cabaleiros (San Xián) | 15,89 | 360 |
| Castenda da Torre (Santa María) | 12,51 | 360 |
| Gorgullos (Santaia) | 19,47 | 380 |
| Leobalde (San Cristovo) | 5,56 | 275 |
| Numide (Santiago) | 6,62 | 280 |
| Tordoia (San Xoán) | 3,78 | 400 |
| Vila de Abade, A (San Cibrán) | 21,05 | 430 |
| TOTAL | 125,39 | 374 |

2.3.- XEOLOXÍA MUNICIPAL

Globalmente e salvo algunhas excepcións pode afirmarse que o substrato ígneo da zona de estudio se caracteriza pola orixe antiga; mais en concreto antes e, sobre todo, durante o momento en que tivo lugar a oroxenia Herciniana na era primaria. Só a rede fluvial xerou formacións moito mais recentes pertencentes ao cuaternario.

Á hora de analizar polo miúdo se dividiu o territorio en tres grandes conxuntos en base ao predominio de outros tantos tipos de materiais. O primeiro deles fórmano gabros, metagabros e epidioritas; esténdese polas parroquias occidentais: Anxeriz, Andoio, Tordoia e Viladabade. Na parte central establécese outro conxunto, parroquias de Cabaleiros e Bardaos, onde predomina a granodiorita precoz. Por último cara o leste, parroquias de Leobalde, Numide, Gorgullos e Castenda, predomina un substrato de esquistos e cuarzo-esquistos, desenvolvéndose ademais nos fondos de vale depósitos aluviais cuaternarios. Seguindo esta orde pasamos a ver mais algunhas das características que presentan tanto estes como o resto de materiais cartografados.

2.3.1.- ENCADRE XEOLÓXICO.

O municipio de Tordoia sitúase na zona IV, <Galicia Media-Tras Os Montes>, definida por MATTE EN 1968.

Os principais materiais que afloran na zona son os esquistos e gneises da “Serie de Ordes”, que se sitúan ao semellar sobre un grupo de rochas básicas de natureza fundamentalmente anfibólica, xunto coas metabasitas no borde sur do municipio. Tamén hai que sinalar a presenza dun ortogneis, de composición granodiorítica, situado no borde oriental do municipio.

O dominio da “Serie de Ordes” ocupa a totalidade do municipio, podéndose separar dentro del tres grandes grupos de rochas: metabasitas, metasedimentos da “Serie de Ordes” e ortogneis pegmatoide.

Estímase que a “Serie de Ordes” se acha situada mais ou menos concordante sobre as metabasitas do Macizo de Santiago.

O ortogneis pegmatoide ponse en contacto mediante fallas coas rochas encaixantes, pola que a súa relación estratigráfica coas rochas veciñas, na zona de estudio, resulta imposíbel pór de manifesto.

Dentro do dominio da “Serie de Ordes” podemos distinguir o Macizo Básico de Santiago de Compostela e a Formación de Ordes. O primeiro aflora na parte norte do municipio. Está formado case por rochas anfíbolitas que totalmente poden aparecer tanto en facies granulita como retrógradas a esquistos verdes. Dentro destas masas anfibólicas aparecen pequenos macizos de metagabros, que nalgúns casos puideron ser cartografados. A estratigrafía é a seguinte: rochas ultrabásicas serpentinizadas e anfíbolitas (anfíbolitas s.s., anfíbolitas granatíferas e pirigarnitas).

Polo que respecta á Formación de Ordes se trata dunha serie de materiais metamórficos de grado intermedio e que aparecen totalmente migmatizados. Estas rochas se caracterizan por presentar unha marcada transposición, debida á esquistosidade de fluxo de idade hercínica que, ao semellar, se reflicte a través duns planos mais antigos. Son, pois, rochas intensamente foliadas, o que se traduce nunha xeral homoxeneización das series, en orixe sedimentarias mais ou menos diversificadas, desde o punto de vista litolóxico. Podemos distinguir: esquistos e gneises (esquistos micáceos e gneises micáceos granatifeiros), cuarzo-esquistos e metagrauwackas, esquistos anfibólicos e gneises migmáticos.

Encanto aos depósitos aluviais, só foron representados cando atinxen certa entidade cartográfica. Merece ser destacado o aluvión do río Ulla, ao sur do municipio. Estes depósitos aluviais están formados por cantos subredondeados de cuarzo leitoso e anfíbolitas e cantos subangulosos de areniscas, cuarzo-esquistos e ortogneises, en xeral moi alterados. Nos cauces dos ríos menores pódense observar, na súa composición, unha fracción elevada de

finos arcillosos ou arcito-limosas que, totalmente pode chegar a constituír o 85 por 100 do total do depósito.

2.3.2.- PETROLOXÍA.

Globalmente e salvo algunhas excepcións pode afirmarse que o substrato ígneo da zona de estudio se caracteriza pola orixe antiga; mais en concreto antes e, sobre todo, durante o momento en que tivo lugar a oroxenia Herciniana na era primaria. Só a rede fluvial xerou formacións moito mais recentes pertencentes ao cuaternario.

Á hora de analizar polo miúdo se dividiu o territorio en tres grandes conxuntos en base ao predominio de outros tantos tipos de materiais. O primeiro deles fórmano gabros, metagabros e epidioritas; esténdese polas parroquias occidentais: Anxeriz, Andoio, Tordoia e Viladabade. na parte central establécese outro conxunto, parroquias de Cabaleiros e Bardaos, onde predomina a granodiorita precoz. Por último cara o leste, parroquias de Leobalde, Numide, Gorgullos e Castenda, predomina un substrato de esquistos e cuarzo-esquistos, desenvolvéndose ademais nos fondos de vale depósitos aluviais cuaternarios. Seguindo esta orde pasamos a ver mais algunhas das características que presentan tanto estes como o resto de materiais cartografados.

2.3.2.1.- Parroquias occidentais: Anxeriz, Andoio, Tordoia e Viladabade.

GABROS - METAGABROS - EPIDIORITAS.

Estes son os materiais que forman parte do chamado macizo de gabros que ocupa a parte occidental do municipio en torno ao monte Castelo e que vai estendéndose progresivamente cara o centro. Segundo a información recollida no mapa xeolóxico os gabros, en xeral, xurden de forma masiva, son de grao fino-medio e grosso, abondo máficos e en ocasións con disxunción bolar. Tamén son frecuentes as rochas gabroicas que froito do metamorfismo se atopan deformadas, epidioritizadas e contaminadas. En concreto a contaminación dos gabros prodúcese a través do contacto con estes xenolitos metamórficos, atopándose cuarzo, biotita e granate, ao que hai que engadir a tendencia a desaparecer do piroxeno. Cara o sueste o grao de deformación elévase como consecuencia do predominio de metagabros e epidioritas.

A orixe deste macizo de gabros é difícil de determinar tanto pola composición heteroxénea, pola deformación a que se viu sometido, así como polo seu trazado cartográfico. Os procesos de transformación asociados ao metamorfismo foron acompañados de hidratación o que enmascara as características primitivas. Ademais poden asociarse ao desenvolvemento xeral

da esquistosidade, mais frecuente en outro dos sectores delimitados, que neste caso só se dan pequenos afloramentos.

Os metagabros mais abundantes son os formados por anfíbois claros ou incoloros e plagioclasas zoadas, moi sasuritizadas, que destacan nunha mesostase microcristalina formada por epidota, cuarzo, anfíbol e clorita.

Os sectores epidioríticos están abondo alterados, teñen unha textura gabrodiabásica, en ocasións heterogranular, e están formados por plagioclasa sasuritizada, tamén anfíbol castañeiro poiquilítico, moi poucas veces con núcleos de clinopiroxeno, en outras zonas de anfíbol incoloro, e placas posteriores formadas por biotita vermella transformada. nestes tipos tamén poden aparecer zonas lineares con grao grosso de plagioclasa, cuarzo intersticial, granate automorfo e apatitos aciculares.

CORNUBIANITAS (ESQUISTOS, GNEISES PLAGIOCLASICOS).

Aparecen formando xenolitos con dimensións variables, pero sempre de forma alongada en función da esquistosidade que presenten. O enderezo predominante é noroeste-sueste, aínda que tamén cara o sueste do macizo aparecen con enderezo nordés-sudoeste. En todos os casos a esquistosidade buza cara o leste no campo aparecen con unha estrutura lixeiramente bandeada, polo xeral moi alterados, producíndose en algúns afloramentos a eliminación de dito bandeado. O granate e o cuarzo aparecen con frecuencia.

Na parte correspondente ao dominio de granodiorita precoz aparecen en forma de xenolitos alongados con enderezo nornoroeste-sursueste, son escasos e o buzamento da esquistosidade é cara o leste. A masa rochosa está moi afectada por procesos de alteración percibíndose soamente grandes granates fracturados en mesostase cuarzo-sericítica.

METAGABROS PEGMATOIDES.

Xurden de modo testemuñal no reborde suroccidental desta primeira zona, nun pequenísimo sector. Van ligados na maioría das ocasións a rochas ultrabásicas, moi especialmente piroxenitas. Son de grao grosso e o seu xeito é o de anfíbolitas en parches, con anfíbol concentrado en puntos e en grandes cristais, o mesmo que acontece coa plagioclasa en outros. A textura acostuma ser porfidoclástica, presentando blastos dos dous minerais espallados en matriz esquistosa de anfíbol, cuarzo e plagioclasa. É moi habitual observar as plagioclasas sasuritizadas e o anfíbol cloritizado.

CUARZO

Existe un minúsculo afloramento na parte noroccidental pertencente a este macizo de gabros. A súa dirección é norte-sur, non supera os 5 m. de potencia e é branco masivo.

RETROGRANULITAS.

Dáse en pequenos sectores de escasa potencia asociados aos bordes sur e leste do macizo de gabros. Corresponde a facies bandeadas micáceas mais recristalizadas que o conxunto do resto de metasedimentos. A orientación preferinte é noroeste-sueste.

Este tipo de gneises están formados por feldespatos de granates fracturados sendo mais rara a presenza de plagioclasas que frecuentemente está moi seritizada a causa do metamorfismo térmico. Xunto a estes minerais acostuman aparecer biotita vermella, circón, anfíbol, minerais opacos, zoirita, anfíbol verde esbranquizado e rutilo.

PEGMATITAS

Se localizan na zona situada ao sueste do macizo de gabros; en xacementos discordantes, anteriormente estoupados, con potencia superior aos 5 m. e dirección leste-oeste están formados por cuarzo, moscovita, feldespato (microclina e albita), ás veces turmalina e en ocasións por circón, granate e berilo.

ANFIBOLITAS.

Son rochas de moi definida esquistosidade e ademais acostuman ser altamente homoxéneas. A súa cor verde mouro hai que pó-lo en relación coa hornblenda e o punteado claro débese ao feldespato e a epidota. O grao é medio a fino e a textura granomematoblástica. Existe un par de pequenos afloramentos no borde deste macizo de gabros co grande sector de granodiorita adxacente.

2.3.2.2.- Parroquias de Cabaleiros e Bardaos.

GRANODIORITA PRECOCE.

Inmediatamente cara o leste e ocupando unha franxa central alongada que percorre o municipio aparece un afloramento de granodiorita precoz denominada como "Granodiorita de A Silva". O contacto co anteriormente mencionado macizo de gabros é intrusivo e discordante e o mesmo acontece cara a parte oriental cos esquistos da serie de ordes.

Seguindo a información recollida no mapa xeolóxico trátase dunha granodiorita biotítica con megacristais, que mostra unha orientación cuadrante co enderezo dos xenolitos. Por outra parte se constata a presenza de outras facies que van desde o granito de 2 micas a adamellitas, tonalitas e mesmo metagranodioritas. Todo o macizo mostra unha intensa cataclase, feito que con leva a deformación correspondente.

As granodioritas están formadas por cuarzo, plagioclasa, feldespato potásico, biotita e moscovita . Outros compoñentes que aparecen en menor medida son o circón, apatito e minerais opacos. A textura mais habitual é graúda hidromorfa con un grao de deformación variable que pode ser desde moderado ate intenso.

A heteroxeneidade do macizo desde o punto de vista da composición está clara, puíndose atopar, a través dun paso gradual, desde rochas ácidas a outras de composición intermedia.

CORNUBIANITAS (ESQUISTOS E GNEISES PLAGIOCLASICOS).

Xa o vimos no sector anterior e mantén similares características.

2.3.2.3.- Parroquias orientais: Leobalde, Numide, Gorgullos e Castenda.

ESQUISTOS-NEISES PLAGIOCLASICAS-METAGRAUVACAS. ESQUISTOS DE ORDES.

É o de posición mais oriental e sobre o que maior batida deixou a rede fluvial. Predominan os materiais que forman a denominada serie de Ordes e constituíndo ademais o substrato de sedimentos terciarios e cuaternarios. Os principais son esquistos, gneises plagioclásicos e metagrauvas. Os micaesquistos están formados por unha irregular alternancia de leitos cuarcíticos granoblásticos con bandas de moscovita e biotita asociadas, con frecuencia mal orientadas.

Os gneises plagioclásicos mostran un nivel de recristalización moi superior ao dos micaesquistos. A plagioclasa mostra unha forma ovoide ou é moi xeomorfa e está maclada, mentres a mica aparece en leitos separados por outros que son ricos en cuarzo. A moscovita debido ao seu carácter tardío xeralmente aparece mal orientado, por contra a biotita está disposta en enderezo preferinte moi marcado.

ALUVIAIS E FONDOS DE VAGUADA ARCITO-AREOSAS CON LIMOS E LEITOS DE GRAVAS

É un tipo de depósito moita mais recente de orixe cuaternario e asociada ao cauce dos principais cursos fluviais, neste caso o Lenguelle. deste modo líganse directamente coas terrazas fluviais e xunto a elas pode chegar a formar interesantes acuíferos tanta pola súa composición como pola súa morfoloxía. Ademais tamén poden aparecer caudais sostidos se chegan a producirse recargas do río ao que están conectados. En todos os casos trátase de depósitos de escaso canto. En eles predominan as areas (50%-60%), xunta a gravas (15%-20%), de cuarzo heterométricos e subredondeados, con un matriz limo-arxilosa (25%-30%). Son excepcionais os casos en que superan os 6 metros de canto.

ORTONEIS.

Se presenta de forma claramente intrusiva. É material de grande dureza que aparece diaclasado presentando unha foliación lixeiramente oblicua nos bordes, xunto con cizallas moi localizadas. O grao varia de fino a groso con estiramentos de cuarzos, feldspatos e biotitas orientadas. A súa orixe está ligada ás rochas porfídicas presentando un tipo de textura que varia entre blastonítica (con forte recristalización e orientación das súas compoñentes) e cataclástica. Ocupa o extremo suroriental do municipio en contacto con un pequeno dique de cuarzo e material de orixe aluvial; e enmarcado polo xa citado predominio xeral dos esquistos de Ordes.

INDIFERENCIADO. AREAS, GRAVAS E MATÉRIA ORGÁNICA.

Referirémonos a diferentes depósitos asociados á "Serie de Ordes" compostos por limos arxilosos e areas finas (80 %) que conteñen cantos pouco evoluídos. Supoñen unha alteración por meteorización "in situ" dos esquistos de Ordes.

Mostran unhas boas características para se constituír en mantos acuíferos, pero debido á súa forma, reducida superficie e corta profundidade só poden atinxir a ser reservas estacionais de pouca importancia. De feito no mapa xeolóxico do concello tan só aparece un pequeno sector nesta parte oriental.

CUARZO.

Mantén as mesmas características que no sector occidental.

2.4.- HIDROLOXÍA MUNICIPAL


Tordoa esténdese por un bloqueo amesetado situado na vertente dereita do río Tambre, cuxa altitude abala entre os 300 e 500 metros. A súa continuidade fica interrompida por unha

depresión lineal correspondente a unha fractura tectónica que atravesa a parte mais occidental do municipio.

Sobre este bloque, composto por materiais moi antigos e facilmente erosionables, a rede hidrográfica non incidiu o relevo, formándose amplos vales. Case a totalidade do termo pertence á conca do río Tambre e tan só unha pequena parte verte ás concas do Anllons e do Xallas. O Monte Castelo, situado no límite con Santa Comba é a divisoria de augas entre as tres concas e o lugar onde o municipio atinxe a súa maior altitude (569 m. en Insua)

O Lenguelle, tras recibir as augas do Encoro de Vilagudín, é o río principal, xunto con varios afluentes do seu marxe dereito, como a Pontepedra que pasa pola capital municipal. Tamén neste termo ten o seu nacemento o río Dubra, no chamado regato de Rial.

No seguinte cadro resumen, así como nos planos de información correspondentes, especifícanse as superficies das diferentes concas:



A maior parte do resto da rede vai dar ou a desembocar ao cauce deste río seguindo unha dirección predominante oeste-leste en concordancia coa disposición que mostra o relevo. É en liñas xerais unha rede mesta e de curto percorrido feito que asociado á relativa planitud e ao escaso encaixonamento propicia que debuxe formas ondulantes ao longo do percorrido.

O contrapunto a estas características xerais póneno os cursos que discorren pola parroquia de Anxeriz en onde se produce a divisoria de augas. Aparecen dous cauces que sobresaen do resto; o Rial que verte as súas augas ao Dubra, tamén subsidiario do Tambre pero nunha

parte mais baixa do seu curso e o río Grande que verte ao Anllóns. Os dous seguen un enderezo meridiana norte-sur aínda que en diferente sentido e ademais a diferenza fundamental en relación ao resto da rede é que tanto este como o Grande discorren formando uns vales mais encaixados.

Como dato a ter en conta aludir a que en épocas de precipitacións abundantes as medradas poden producir inundacións de amplo radio de acción, sobre terreos de cultivo asociados á dinámica fluvial, debido precisamente ao escaso encaixonamento que se dá sobre todo nas partes baixas dos cursos.

2.5.- CLIMATOLOXÍA

Para o establecemento dos datos climatolóxicos do municipio, tense en conta ós resultados achegados pola estación de Río do Sol (Coristanco), que foi dada de alta no 8 de xuño do 2005 que aporta un maior rango de contraste nos seus datos e a estación de Olas (Mesía) dada de alta o 25 de outubro de 2005. Na seguinte táboa especificanse as coordenadas xeográficas e a altitude (esta especificase respecto ao norte e a lonxitude respecto ao meridiano de Greenwich).



Rede de estacións meteorolóxicas automáticas


| NOME | Coordenadas xeográficas | | Altitude (m) |
|------------|-------------------------|-----------|-----------------|
| | Lonxitude | Latitude | |
| Río do Sol | 525.267 | 4.771.652 | 506 |
| Olas | 558.736 | 4.775.147 | 386 |

A estación de Olas atópase integrada so polos seguintes sensores:

- *Piranómetro*
- *Pluviómetro de Cazoliñas*
- *Sonda de Temperatura de Superficie*
- *Sonda de Temperatura do Solo*
- *Sonda de Temperatura e Humidade*



Polo contrario a estación de Río do Sol, máis completa posúe os seguintes sensores:

- *Anemómetro*
- *Catavento*
- *Piranómetro*
- *Pluviómetro de Cazoliñas*
- *Sonda de Presión*
- *Sonda de Temperatura de Superficie*
- *Sonda de Temperatura do Solo*
- *Sonda de Temperatura e Humidade*



OLAS**RESUMO ANUAL**

| | |
|----------------------------|--------------------|
| Tª media: | 11.2 °C |
| Tª máx. media: | 16.1 °C |
| Tª mín. media: | 7.3 °C |
| Tª máx. absoluta: | 30.6 °C 14/08/2009 |
| 81E025 | 20 | Amieirais galaico-portuguesas | Amieirais | 91E0 | * | Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>) |
| 81E025 | 10 | Amieirais galaico-portuguesas | Amieirais | 91E0 | * | Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>) |
| 823013 | 10 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 5 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 10 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 80 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 88 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 15 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 38 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 12 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 88 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |

| | | | | | | |
|--------|----|---|--------------|------|----|--|
| 823013 | 25 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 5 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 10 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 5 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 823013 | 10 | Carballeiras galaico-portuguesas | Carballeiras | 9230 | Np | Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> |
| 838020 | 2 | Micro-macrobosques puros ou mixtos de carballo (<i>Quercus robur</i>) e melojo (<i>Quercus pyrenaica</i>), termo-supramornos e submediterráneos, meso-supramediterráneos, hiperoceánicos a semicontinentais, sobre substratos pobres (bosques de acivros) | Acebedas | 9380 | Np | Bosques de <i>Ilex aquifolium</i> |

2.7.4.- ÁREAS DE CON VALORES PAISAXÍSTICOS

Segundo o catálogo das paisaxes de Galicia, o concello de Tordoia atópase incluído dentro da Grande Área Paisaxística (GAP) Galicia Central, e dentro desta da comarca paisaxística denominada Terra de Ordes.

Unha parte do concello, en concreto a parroquia de Anxeriz atópase incluída dentro da GAP Chairas e Fosas Orientais, e dentro desta, na comarca paisaxística de Bergantiños.

Segundo os Catálogos da Paisaxe elaborados pola Xunta de Galicia, no termo municipal de Tordoia existen dúas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP): Ribeira da Pena e Fervenza de San Paio. Logo de realizada a análise e o pertinente traballo de campo dedúcese a seguinte análise paisaxística.

O termo municipal de Tordoia presente unha paisaxe moi uniforme constituída por amplas zonas de masas forestais mesturadas con monte baixo e mosaico de cultivos forraxeiros.

Non existe un predominio claro dunha superficie sobre a outra tal e como se pode observar da seguinte secuencia de fotografías aéreas:






Como norma xeral as zonas destinadas a cultivos forraxeiros ocupan a primeira franxa de proximidade á aldea orixinaria e os montes os terreos un pouco máis afastados, aínda que existente casos de núcleos lindeiros con terreos forestais.

Esta uniformidade amóase na seguintes imaxes.



A topografía e as pendentes tamén son, en xeral bastante suaves, a excepción das principais elevacións e dos fondos dos vales dos ríos máis importantes:



O parcelario tamén é bastante uniforme, con parcelas agrícolas que abalan arredor dos 5.000 m² e de monte con superficies moito máis variadas. Tal e como se aprecia nas imaxes precedentes os elementos principais para a delimitacións de parcelas, de existir, son sebes vexetais que se executan fundamentalmente con especies arbustivas autóctonas.

Polo que fai á superficie forestal, as masas autóctona foron cedendo superficie ás especies de crecemento rápido, sendo escasas a masas vexetais orixinarias que se conservan.

Así, dentro da uniformidade paisaxística que domina a meirande parte do termo municipal destacan, como elementos topograficamente diferenciados a zona máis alta do monte da Forca e o val do río Lengüelle dende o encoro de Vilasenín e todo polo límite municipal oriental.



Val do Lengüelle.



Monte da Pena da Forca.

Estes dous elementos, cunha valoración paisaxística media, pola súa escasa diferenciación con respecto ó resto da paisaxe circundante, poden considerarse elementos diferenciados dentro da paisaxe uniforme do concello de Tordoia pero non deberá levar aparelado ningún tipo de especial protección posto que en ningún momento acadan as características necesarias para ser considerados como área de especial interese paisaxístico.

En todo caso, normativamente deberá recollerse regulacións que melloren a inserción das edificacións e dos peches no contorno, facéndoo máis armonioso.

CAPÍTULO 3.- PAISAXE RURAL.

3.1.- CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

Segundo os datos elaborados a partir das análise do Segundo Inventario Forestal Nacional para a provincia de A Coruña, dedúcese que o 28 % da superficie do termo municipal está dedicada a uso forestal, ficando o 72 % restante para uso agrícola, que á súa vez se destina case totalmente a prados e pastizais ligados a explotacións gandeiras. Pequenos cultivos de horta aparecen ligados á casa, abrangendo unha certa variedade de produtos agrícolas (leguminosas, hortalizas, froiteiras, millo, videira,...), en xeral para consumo propio.

Así pois, os dous aproveitamentos fundamentais son o forestal e o agrícola-gandeiro. Un terceiro aproveitamento, o de matogueira, que se estende ao 13 % da superficie do termo, tamén ten relación co gando, pois os toxais se utilizan como fornecedores de cama para o vacún e, por tanto, para a produción de esterco que fertilice as terras.

En xeral, a especie forestal mais abundante é o piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*). Esta especie é maioritaria nas parroquias mais orientais (e, por tanto, de menor altitude) do municipio, mentres que a presenza do eucalipto aumenta progresivamente a medida que nos desprazamos cara o oeste. Así, por exemplo, o *Pinus pinaster* é a especie forestal dominante na parroquia de Anxeriz (27,20 %), mentres que en outras parroquias situadas mais ao norte predomina o eucalipto.

A distribución destes usos forestais dentro do municipio, separados por parroquias, indícanse na seguinte táboa:

| Superficie e distribución dos usos forestais | | | | | | | | | | |
|--|--------------|-------|-----------|-------|------------|-------|----------|------|---------------------------|-------|
| Superficie (Ha) | Uso Forestal | | Coníferas | | Eucalyptus | | Fronosas | | Desarbolado (Matorral) | |
| | Ha | (%) | Ha | (%) | Ha | (%) | Ha | (%) | Ha | (%) |
| 954 | 5,46 | 0,57 | - | - | 5,46 | 0,57 | - | - | - | - |
| 1566 | 719,96 | 45,97 | 146,58 | 9,36 | 426,06 | 27,20 | - | - | 147,32 | 9,41 |
| 1532 | 698,50 | 45,59 | 24,29 | 1,59 | 102,95 | 6,72 | - | - | 571,26 | 37,29 |
| 1589 | 285,39 | 17,96 | 68,10 | 4,29 | 27,66 | 1,74 | - | - | 189,63 | 11,93 |
| 1251 | 286,49 | 22,91 | 164,70 | 13,17 | 121,79 | 9,74 | - | - | - | - |
| 1947 | 611,75 | 31,42 | 189,75 | 9,75 | 148,30 | 7,62 | 4,23 | 0,22 | 269,47 | 13,84 |
| 556 | 343,29 | 61,74 | 98,66 | 17,74 | - | - | 26,57 | 4,78 | 218,06 | 39,22 |
| 662 | 365,80 | 55,24 | 168,38 | 25,43 | - | - | 10,02 | 1,51 | 187,39 | 28,30 |
| 378 | 46,41 | 12,29 | 4,96 | 1,31 | 29,14 | 7,72 | - | - | 12,31 | 3,26 |
| 2105 | 48,92 | 2,32 | 30,96 | 1,47 | 17,97 | 0,85 | - | - | - | - |
| 12539 | 3411,96 | 27,21 | 896,38 | 7,15 | 879,33 | 7,01 | 40,82 | 0,33 | 1595,43 | 12,72 |

Polo que se refire á distribución sobre o territorio destes cultivos, se pode dicir que os prados e pastizais acostuman ocupar vaguadas, proximidade de fontes e correntes de auga, zonas húmidas e vales pouco drenados, e en xeral zonas de pendentes suaves ou moderadas, nas que é frecuente modificar o curso natural dos regatos para canalizar a auga directamente aos pastos. Ao borde destas zonas de pradería acostúmanse localizar as distintas entidades de poboación, constituídas tradicionalmente por casas rurais, con engadidos agrícolas, naves para gando e pequenos cultivos de horta anexos. En cambio, as zonas de fortes pendentes ou de difícil acceso, pouco apropiadas para outras actividades e usos que non sexan os estritamente forestais, viñeron tradicionalmente destinándose a monte.

3.2.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

No termo municipal de Tordoia atopámonos con dúas realidades claramente diferenciadas. Por un lado temos un proceso de concentración parcelaria realizado pola Consellería de Agricultura que afectou ás parroquias que se indican no cadro adxunto, concentrando todos os terreos das diferentes parroquias, agrícolas e de monte, desde os mais produtivos ata os menos produtivos, desde os mais afastados ata contiguos aos núcleos rurais e mesmo urbanos, chegando ata o interior destes e creando unha rede de camiños de comunicación entre eles. polo outro temos un proceso de segregación parcelaria efectuado polos propietarios, sobre todo nos núcleos rurais e en menor medida no solo rústico, realizado fundamentalmente con fins urbanísticos no primeiro dos casos e con finalidades hereditarias e de reorganización da propiedade no segundo.

En ambos casos, e sobre todo nas parroquias nas que non actuou a concentración parcelaria, aínda existe un elevado número de parcelas de dimensións moi pequenas para ser útiles para unha explotación agrícola moderna ou forestal.

Concentracións Parcelarias do Concello de Tordoia

| Denominación | Concellos afectados | Data de inicio |
|------------------|---------------------|----------------|
| Cabaleiros | Tordoia | 22/09/1961 |
| Gorgullos | Tordoia | 05/09/1962 |
| Leobalde | Tordoia | 22/09/1961 |
| Numide | Tordoia | 22/09/1961 |
| Tordoia | Tordoia | 15/06/1962 |
| Vila de Abade, A | Tordoia | 01/03/1962 |

Nas parcelas de núcleo os cambios de propiedade, agregacións e segregacións, deron parcelas de superficies dispaes, desde grandes parcelas de uso agrícola inseridas no tecido destes, ate parcelas subdivididas en función da parcela mínima fixada polas NN SS municipais que foron recorridas.

CAPÍTULO 4.- PAISAXE CONSTRUÍDA

4.1.- ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

Os 141 núcleos de poboación do concello representan unha ampla variedade de tipoloxías de asentamento, repartíndose de forma desigual entre as dez parroquias que o compoñen:

Parroquias e entidades de poboación

| Parroquia | Núcleo |
|-------------------------------|--|
| Andoio (San Mamede) | Altiboa Ambroa Baldaio Bouzarán Casal, O Castiñeiro, O Folgueira, A Fornelos Lestido, O Pazos, Os Rego, O Samede |
| Anxeriz (Santa Mariña) | Abres Brandoñas de Abaixo Brandoñas de Arriba Casas Novas, As Empalme, O Folgueira de Abaixo, A Folgueira de Arriba, A Niño do Corvo Pazo, O Pedrasalgueira, A Pispieiro Pousadoiro, O Rapadoiro, O Ribeiro, O Torre, A Vilasal |

| | | | |
|--|--|--------------------------------------|---|
| Bardaos (Santa María) | Abeleira, A Albán Barral, O Brandarís Cabanelas - Bouzas, As Campo Soandres Castro, O Cerdeiras, As Fontaíñas, As Frixoi Nogueira, A Outeiro, O Pedrouzo, O Penedo, O Petón, O - Nabal Vello, O Picota, A Rabo de Lobo Santiavedra Tablilla, A Uces, As Vilamartín Vilaprego Vilar, O - Pardiñeiro | Gorgullos (Santaia) | Arcai de Abaixo Buba, A Buño Burxán Castro Croto, O Cruxeira, A Guillufe Pazos de Abaixo Pazos de Arriba Pintán Pontes, As Portociños Raña Reboredo Santaia Vilarbó Vilarterreo |
| Cabaleiros (San Xián) | Areosa, A Balsa, A Bedrobe Carballadrade Casais Casaldabade Castrillón Costa, A Monte Vello Oleiros Penelas Pontepedra, A Salgueiros Seixán Soufe Tañe Vilar, O Vilarchán | Leobalde (San Cristovo) | Abongo Méixome Paradela |
| Castenda da Torre (Santa María) | Abeleiras, As Borreiros Bouzamerelle Carballal, O Castro, O Cruz do Carballal, A Malvares Pobanza Saboi Tarroeira Torna, A Torre, A Vilaescuro Vilar | Numide (Santiago) | Belvís Castro, O Liste Paínza, A Pontraga, A Regueiro, O |
| | | Tordoia (San Xoán) | Campo de Arriba, O Eirexe, A Formarigo Pereiro Vello, O |
| | | Vila de Abade, A (San Cibrán) | Barral, O Carballal, O Carballeira de Abaixo, A Carballeira de Arriba, A Casal de Devesa, O Castro, O Cerdeiras, As Codesal, O - Aboi Costa, A Cruxeira, A Cruz, A Eirexe, A Fontán, O Outeiro, O Paraños, Os Pedregais, Os Pereira, A Sares Tibiáns Vilar, O Vimieira, A |

Sobre estes, na actualidade, se asentan un total de 4.268 habitantes. O carácter destes núcleos é eminentemente rural e o seu tamaño é moi variable. A densidade de asentamentos resultante é de 1,12 núcleos por Km², o que unido á escaseza de poboación nos dá unha idea da elevada dispersión do municipio.

O número de aldeas por parroquia, presenta unha grande variabilidade, abalando entre os valores extremos de Bardaos (26 núcleos) o A Vila de Abade (23 núcleos) e de Tordoia (4 núcleos) o Leobalde (3 núcleos). Algo semellante pode dicirse da superficies respectivas de cada parroquia, xa que están comprendidas entre os 21,05 Km² da mais grande, A Vila de Abade e os 3,78 Km² da mais pequena, Tordoia.

A parroquia de San Xíán de Cabaleiros é a mais poboada do municipio e a que presenta unha maior densidade de poboación, sendo á súa vez a que maior densidade presenta, superando en grande medida á media municipal, se ben é certo que este dato non é de estrañar xa que é nesta parroquia onde se atopa o único núcleo urbano, que inflúe directamente nestes datos.

Os núcleos se distribúen de forma irregular ao longo do termo municipal, aínda que en eles se poden observar pautas de asentamento comúns. Así, por exemplo, é habitual que se sitúen en ladeiras de orientación diversa, moi ligados aos terreos de pastizal que se estenden aos seus pés, ao fondo da vaguada. En outros casos é a aldea a que situase aos pés dos pastos, por constituír esta unha situación mais óptima para os mesmos. En calquera caso, se emprazan xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e de monte.

Distribución de asentamentos por parroquias

| Parroquia | Poboación | Nº de núcleos | Superficie (Km ²) | Densidad de núcleos |
|---------------------------------|-------------|---------------|-------------------------------|---------------------|
| Andoio (San Mamede) | 340 | 12 | 9,54 | 1,26 |
| Anxeriz (Santa Mariña) | 573 | 16 | 15,66 | 1,02 |
| Bardaos (Santa María) | 585 | 26 | 15,32 | 1,70 |
| Cabaleiros (San Xíán) | 862 | 18 | 15,89 | 1,13 |
| Castenda da Torre (Santa María) | 425 | 15 | 12,51 | 1,20 |
| Gorgullos (Santaia) | 559 | 18 | 19,47 | 0,92 |
| Leobalde (San Cristovo) | 130 | 3 | 5,56 | 0,54 |
| Numide (Santiago) | 158 | 6 | 6,62 | 0,91 |
| Tordoia (San Xoán) | 105 | 4 | 3,78 | 1,06 |
| Vila de Abade, A (San Cibrán) | 531 | 23 | 21,05 | 1,09 |
| Municipio | 4268 | 141 | 125,39 | 1,12 |

Polo demais, estes asentamentos acostuman a presentar unha tipoloxía de aldea pechada, aínda que con diversos grados de complexidade. Así pois, existen aldeas moi mestas e

pechadas, como O Petón-Nabal Vello, Vilarchán, Vilasal, etc (con rúas emparradas, en algúns casos) fronte a outras relativamente espallas. Outros factores peculiares, como a presenza de estradas, pazos ou casas grandes, igrexas ou capelas, etc. introducen os elementos de diversidade que caracterizan a cada asentamento.

A Pontepedra, situado no centro do termo municipal, alberga a práctica totalidade dos servizos do mesmo: o Concello e os Xulgados, o centro de saúde, o polideportivo, a piscina municipal, establecementos comerciais e de lecer, etc. Outros núcleos adquiren unha relativa importancia no seu respectivo entorno, aínda que os servizos e dotacións que ofrecen son mínimos: A Pedrasalgueira (Anxeriz), O Petón-O Naval Vello (Bardaos), Santaia (Gorgullos) e O Empalme (Anxeriz).

Aínda que moitas aldeas presentan índices de medra regresivas, en todas elas aparece un novo tipo de asentamento que, se ben polo momento non atinxe grandes dimensións, podería supor no futuro un grave problema urbanístico: a localización de novas casas-vivendas illadas ao longo de calquera pista ou estrada, que podería vir a acabar coas actuais características de ocupación do territorio e a dificultar a dotación das necesarias infraestruturas urbanísticas.

4.2.- TIPOLOXÍA EDIFICATORIA.

O estudio das diversas tipoloxías que conforman a panorama arquitectónico do municipio ofrece as conclusións que se expoñen a continuación.

No concernente á tipoloxía das edificacións tradicionais dedicadas a vivenda, con unhas características abertamente agrícolas ou gandeiras, podemos apreciar unha xeneralización das construcións de dúas plantas ocupadas por unha só vivenda. O termo "casa rural" é o que mellor veu definindo a este tipo edificatorio, encanto que o uso de vivenda comparte o seu espacio con outros usos relacionados coa economía agrícola-gandeira familiar. Esta peculiaridade xera a aparición de construcións auxiliares, ligadas ao corpo principal, como alpendres, naves, hórreos, etc., cuxos característicos volumes e disposición adquiren especial protagonismo no tecido do asentamento.

A casa acostuma ser rectangular, con variacións en planta para adaptarse ás características do emprazamento, na que en moitas ocasións aparecen corpos amosados ás súas fachadas frontal e posterior, que permiten a aparición de zaguans cubertos de acceso ao edificio principal. A cuberta (de tella ou, en ocasións, de laxe) acostuma ser a dúas augas que, cando é necesario, se prolongan para cubrir os corpos amosados á casa. Os materiais mais empregados son a cantería de granito e a cachotería de granito ou laxe, xunto coa madeira

(utilizada tradicionalmente en carpinterías e estruturas de cuberta e forxado). Non son infrecuentes os acabados exteriores a base de revocos de cor branca. De igual modo é característico o uso do chamado cemento armado, que non é outra cousa que cemento, con grandes bolos de pedra entre a masa, que lle confire estabilidade, pero que en ningún dos casos presenta armadura algunha.

A casa rural consta tamén dun certo número de edificacións adxectivas ou engadidos, con funcións agrícolas ou gandeiras, que acostuman disporse en torno ao corpo principal conformando patios pechados. Tradicionalmente realizados con técnicas e materiais similares aos da vivenda, na actualidade estes alpendres e galpóns fóronse substituíndo ou ampliando con materiais máis actuais, como o bloque de formigón, o ladrillo ou as pranchas de fibrocemento.

Outros elementos, non estrictamente arquitectónicos pero que si caracterizan a paisaxe construída de algúns núcleos, son os emparrados, que ás veces aparecen no interior dos núcleos como elementos de cubrición de rúeiros e de porches.

Nos últimos anos vimos asistindo a un complexo fenómeno de colonización do medio rural por parte de edificacións residenciais que, situadas normalmente fora dos núcleos, van introducindo tipoloxías que responden a modelos populares actuais, non tradicionais: casas de B+I (ás veces con aproveitamento baixo cuberta e semisótano, se a pendente o permite), tipo "chalet", con estrutura de formigón, pechamento de ladrillo, revestimento cerámico ou lucido, cuberta de tella a dúas ou máis augas, etc. Así, aínda que esta nova tipoloxía de vivenda acostuma manter aínda a súa vinculación coa actividade agrícola e gandeira, as influencias dos modelos periurbanos de segunda residencia (e, en menor medida, de arquitecturas foráneas) resultan evidentes.

4.3.- CONSTRUCCIÓNS DE INTERESE ESPECIAL

O concello de Tordoia encóntrase situado na vertente dereita do río Tambre, formando parte da comarca de Ordes. O municipio divídese en dez parroquias e pertence á diocese de Santiago. Da súa importancia histórica e artística cabe sinalar a existencia de restos arqueolóxicos de gran valor como o Dolmen de Cabaleiros.

No que respecta á arquitectura relixiosa, esta non ten uns matices moi diferentes á dos concellos limítrofes sendo en xeral unha arquitectura sinxela de tipo rural e que se engloba nas distintas igrexas parroquiais existentes no termo municipal.

As plantas das igrexas son moi semellantes, na maior parte dos casos de tipo rectangular e unha soa nave cun corpo apegado que serve de sancristía.

Existen, así a todo, algúns exemplos barrocos moi interesantes nos que se pode apreciar unha influencia do barroco compostelá como na igrexa parroquial de Santa María de Castenda do século XVIII, un edificio de planta rectangular e unha soa nave que centra os detalles máis importantes na ornamentación da fachada principal, coroada por unha torre-campanario. Na portada e na base da torre apréciase ese particular barroco galego do tipo barroco de placas que parte do arquitecto Simón Rodríguez.

Outra igrexa interesante é a parroquial de Santa María de Bardaos, inda que sufriu numerosos engadidos co paso do tempo. Se ben a igrexa ten formas barrocas como na torre, a fachada atende a un modelo neoclásico.

É o barroco o estilo predominante no concello de Tordoia se ben moitas das igrexas só conservan da súa traza orixinal uns poucos elementos e outros foron moi alterados, este é o caso dun templo importante como a Ermida de Nosa Señora do Carme, coñecida pola súa sonda como centro de culto. Inda que o templo conserva ben a súa fachada, na cal se dispón unha fornella coa imaxe da Virxe, o interior perdeu a inicial tipoloxía, o que desvirtúa demasiado o conxunto.

Tordoia conta cunha presenza importante de fenómenos megalíticos posto que se conserva ademais da cámara funeraria de Cabaleiros (Casa Moura), restos e referencias doutras que foron desgrazadamente desmanteladas para aproveitar a pedra na construción de vivendas tradicionais ou simplemente para acondicionar terreos. Ademais existe un gran número de túmulos que, á igual que se comprobou en Chousa Vella preto da Tablilla, probablemente albergan estruturas menores.

Co Dolmen de Cabaleiros atopámonos diante dun túmulo característico da cultura megalítica galega. Ten moita similitude co de Dombate e Axeitos. Este composto por seis ortostatos que sobresaen do chan 1,8 metros e que conforman a cámara. Sobre eles temos unha lousa oval de 4,5 metros de lonxitude. O interior ten un largo de aproximadamente 2,7 metros e unha profundidade de 2,2 metros. A altura media é de 1,7 metros.



Dolmen de Cabaleiros

Presenta a entrada para o leste con corredor. Este dolmen, datado no terceiro milenio antes de Cristo, nunca foi escavado polo que se existe corredor pode permanecer oculto baixo o túmulo, duns 20 metros de diámetro, que se conserva en parte rodeando o megalito. Foi espoliado nos anos 80 e actualmente pertence á Deputación da Coruña.

4.4.- INFRAESTRUTURAS EXISTENTES

4.4.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS

A estrutura do asentamento de núcleos predominantemente espallados, fai que as vías de comunicación xoguen un papel primordial no desenvolvemento socioeconómico da bisbarra. Unha adecuada rede viaria é factor decisivo no aforro de tempo para o transporte de bens e persoas, contribúe á elevación do nivel de vida e fomenta as relacións humanas entre as aldeas.

A rede viaria do municipio de Tordoia está formada polas seguintes vías:

Estradas Autonómicas.

- Estrada AC-400. Desde Sigrás, na N-550, ata Muros, que constitúe as antigas AC-400, AC-401, AC-402 e AC-403, localizada na zona noroeste do concello.

Estradas da Deputación.

- Estrada DP-1914 de Carballo a Portomouro, sendo a lonxitude dentro do concello de 4,74 km.

- Estrada DP-8401 de A Tablilla a Agromaestre, por Pontepedra que percorre o concello de norte a sur.
- Estrada DP-8402, como acceso a Igrexa de Bardaos.
- Estrada DP-5902 da estrada Ordes – A Silva a Tordoia, por Gorgullos.
- Estrada DP-5903 de Ordes a Portomouro, por Pontechonia.

Extraído do inventario de estradas da Deputación obtéñense os seguintes datos:

| Código | Lonxitude. concello. | Plataforma | Calzada |
|---------|----------------------|------------|---------|
| DP-1904 | 4,74 | 8,00 | 7,00 |
| DP-5902 | 7,50 | 5,00 | 4,50 |
| DP-5903 | 3,00 | 5,50 | 5,50 |
| DP-8401 | 11,34 | 7,00 | 6,50 |
| DP-8402 | 0,30 | 5,00 | 4,50 |

A estas estradas principais hai que engadir unha tupida rede de estradas municipais que parten das xa citadas e unen as distintas parroquias entre si e os distintos núcleos de poboación, ademais de todas as realizadas para a concentración parcelaria.

4.4.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVICIOS

Abastecemento de auga

Polo que se refire á rede de abastecemento de auga, esta atópase moi espallada abarcando amplas zonas do termo municipal, podéndose dicir que a maior parte das aldeas do municipio contan con este servizo. A rede fornece á localidade de Pontepedra, a partir da cal foise ampliando nos últimos anos para dar servizo a outras poboacións como Balsa, Soufe, Tañe, Seixán, Salgueiroa, Monte Vello, Oleiros e Carballadrade, todos eles na parroquia de Cabaleiros. Por outra banda tamén contan con este servizo total ou parcialmente as parroquias de Vila de Abade, Gorgullos, Numide, Andoio e Anxeriz .

Como se ve, a maior parte do concello goza de servizo público de abastecemento de auga, sendo ademais frecuentes as captacións realizadas a título particular, (por medio de pozos, depósitos, etc.) ou as traídas executadas por grupos ou asociacións de veciños.

En calquera caso, convén lembrar que, aínda nos lugares aos que chega a rede municipal de abastecemento, existen moitas casas que non están abonadas a este servizo, xa que a dispersión das edificacións e a carestía de medios técnicos e económicos impiden a absoluta xeneralización do mesmo.

No núcleo de Pontepedra, o servizo de abastecemento de auga esténdese a todo o solo clasificado como urbano polo vixente planeamento municipal, en condicións de caudal e presión suficiente para as características da edificación prevista, dende o depósito xeral de 1.700 m³ situado en Vila de Abade a 425 m de altitude.

Saneamento

A rede de saneamento só dá servizo total ou parcial ás localidades de Pontepedra, Monte Vello, a Balsa e Soufe, na parte central do concello, A Tablilla na zona norte e A Pontraga na zona sur. En Pontepedra a rede esténdese a través do entramado viario e, aínda que ate fai uns anos vertía directamente ao río, na actualidade as augas residuais van parar a unha depuradora situada no río do mesmo nome. Esta depuradora, cunha capacidade de tratamento punta de 4,63 l/sg considérase suficiente para as necesidades actuais da poboación, ó poder servir a unha poboación de 2.700 habitantes, moi superior ós 473 que abastece na actualidade.

De todos modos, dado que a maior parte do termo municipal ten un carácter marcadamente rural, o sistema de vertido de augas residuais mais xeneralizado consiste en fosas sépticas individuais.

Enerxía eléctrica e alumeado público

Tanto o servizo de subministro de fluído eléctrico como o de alumeado público chegan á totalidade dos asentamentos de poboación do municipio.

4.5.- ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES

Servicios sanitarios

No referente a este servizo, atopámonos con un centro de saúde, localizado no solo urbano de Pontepedra, na parroquia de Cabaleiros.

Servicios educativos

Os centros educativos existentes actualmente localízanse en Pontepedra (DCX-1 e a gardería DCX-2) e complementados con unha escola unitaria en Tarroeira, na parroquia de Castenda da

Torre. Da relación de centros de ensino, da páxina da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, obtense os seguintes datos:

Relación de centros de ensino no concello

| Código | Nome | Enderezo |
|----------|--------------|------------|
| 15021317 | CPI Pecalama | Pontepedra |

Equipamentos relixiosos

Existen no termo 10 igrexas parroquiais, abertas ao culto, cos seus respectivos cemiterios, unha por cada parroquia e 4 capelas en Os Pazos (Andoio), Santiavedra (Bardaos), Arcai de Abaixo (Gorgullos) e Tibiáns (A Vila de Abade).

Equipamentos socioculturais, festivos e de lecer

O conxunto de equipamentos socioculturais se centra na Casa de Cultura na parroquias de Cabaleiros e complementase con diversos Centros Sociais repartidos por todas as parroquias..

De igual maneira atopamos diversos espazos libres repartidos polos núcleos que cobren as funcións do campo das festas, sendo o solo urbano o que absorbe os principais.

Servicios administrativos

Se localizan única e exclusivamente no solo urbano de Pontepedra, na Casa do Concello.

Equipamentos deportivos

Atopámonos con 6 campos de fútbol, nas parroquias de Anxeriz, Castenda da Torre, Gorgullos, Cabaleiros, A Vila de Abade e próximo a As Pontes. Na capital municipal atopamos un pavillón polideportivo e unha piscina. Estes complementase con diversas pistas deportivas salpicadas por toda a xeografía do concello.

Actividades comerciais

Estes atópanse principalmente no solo urbano de Pontepedra, que cubre con creces as primeiras necesidades, se ben e certo que a súa proximidade a Ordes o Carballo, así como a súa boa comunicación, sitúan o concello nunha posición privilexiada.

BIBLIOGRAFIA E FONTES DE INFORMACION.

CARTOGRAFIA

- Mapa de Galicia. Escala 1:200.000. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69. Mapa Topográfico Nacional Escala 1/50.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70. Mapa Topográfico Nacional Escala 1/50.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69-I. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69-II. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69-III. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69-IV. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70-I. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70-III. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 69. Mapa Xeolóxico de España. Escala 1/50.000. Instituto Xeolóxico de España.
- Folla 70. Mapa Xeolóxico de España. Escala 1/50.000. Instituto Xeolóxico de España.
- Mapa xeocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.
- Mapa de clases agrólogas. Evacuación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura.
- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Evacuación dos recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Segundo Inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA.

XEOLOGIA E XEOTECNIA.

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España

XEOMORFOLOXIA

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedera. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA

SOLOS

- Mapa de clases agrolóxicas. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos y aproveitamentos. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa de rocas industriais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Maralbés Bedra. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA

VEGETACIÓN

- Mapa de clases agrolóxicas. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos y aproveitamentos. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
- Mapa xeocientífico del medio rural. Ministerio de industria y Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Segundo Inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. LA Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. ICONA
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedera. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA

HIDROLOXÍA

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Enderezo Xeral de minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España

FAUNA

- Mapas cinexéticos. Consellería de Agricultura. Cotos de caza. Acoutados de Pesca
- Atlas de vertebrados de Galicia. Concello da cultura galega.

RECURSOS NATURAIS

- Mapa de clases agrolóxicas. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Enderezo Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España

- Mapa xeocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Segundo inventario Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Anuario de Estatística Agraria 1.993. Xunta de Galicia.

CLIMA

- Mapa geocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Bioclimatoloxía de Galicia. Alexo Carballeira e Outros. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA. A Coruña 1.983
- Caracterización agroclimática da provincia Da Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Sección de datos do Instituto Nacional de Meteoroloxía.

PROPIEDAD DO SOLO

- Desenvolvemento territorial e planificación comarcal. OU Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Andrés Precedo Ledo. Sección Monografías. Xunta de Galicia
- Desenvolvemento local e Comarcalización. Coordinación por Antonio Precedo Ledo e A. Vázquez Barqueiro. Serie Monografías. Xunta de Galicia.

ESPACIOS NATURAIS

- Elementos e conxuntos do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico e cultura
- Noticias Arqueolóxico-Numismáticas do Castro Lupario Fernando Cuña Castroviejo e Milagres Cavada

DEMOGRAFÍA

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

- Estatísticas do prazo de Traballo. Anuario 1.993. Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística. consellería de Economía e Facenda.
- A poboación de Galicia. Proxeccións. Centro de información Estatística de Galicia. Consellería de Economía e Facenda
- Enquisa de Poboación Activa en Galicia (EPA) Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Instituto Galego de Estatística

ACTIVIDADES ECONÓMICAS

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Mapa de clases agrólogas. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura.
- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Segundo inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA
- Renda Municipal en Galicia. Serie e Territorio. Fundación Caixa Galicia
- Anuario de Estatística Agraria 1.993. Xunta de Galicia
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia
- Estatísticas do Prazo de Traballo. Anuario 1.993. Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda
- Enquisa de Poboación Activa en Galicia (EPA). Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Instituto Galego de Estatística

VIVENDA

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

EQUIPAMENTOS

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia.

PATRIMONIO

- Inventario de bens culturais. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
- Inventario arqueolóxico de A Coruña. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
- Inventario do Patrimonio Etnográfico e Inmobiliario. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.